

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 20 de marzo de 2018

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 23 de marzo de 2018.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Ratificación do cambio de data de realización do Pleno ordinario do mes de marzo de 2018.
- 2.- Acta anterior correspondente á ordinaria do día 23 de febreiro de 2018.
- 3.- Proposta ao Consello da Xunta de Galicia de resolución de alegacións, resposta aos informes sectoriais, aprobación do expediente de información pública e aprobación definitiva do proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807.
- 4.- Moción de Democracia Ourensana relativa á reactivación do proxecto Val da Rabeda.
- 5.- Moción do BNG respecto da mellora do Pazo Provincial.
- 6.- Moción do BNG a respecto das condenas a alcaldes do Partido Popular.
- 7.- Moción do Grupo Socialista sobre a posta en marcha dun programa para implementación das novas esixencias legais en materia de protección de datos de carácter persoal nas entidades locais.
- 8.- Moción do Grupo Socialista para que a Deputación poña en marcha a acción do Pacto de Estado contra a violencia de xénero en materia de igualdade salarial.
- 9.- Moción do Grupo Popular para a elaboración dun catálogo de localizacións na provincia destinado á industria audiovisual.
- 10.- Moción de Democracia Ourensana relativa á adquisición do Complexo Deportivo Bamio por parte da Deputación de Ourense.
- 11.- Moción do Grupo Popular de apoio ao manifesto en defensa do Centro Galego de Bos Aires.
- 12.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 13.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
 - Presidencia: mes de febreiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de decembro de 2017 e 1º de xaneiro de 2018.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de febreiro de 2018 e dos seguintes adicionais: 2º de decembro de 2017 e 1º de xaneiro de 2018.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de febreiro de 2018.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de febreiro de 2018 e 1º adicional de xaneiro de 2018.
- 14.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,